

INFORME TRIMESTRAL
ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM
XULLO-SETEMBRO DE 2013

Introdución


O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida por IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO e a organización támara PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (gobierno, feministas, activistas) dende 2007 para tentar poñer fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinan as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. Esta práctica leva a que a pirámide de sexos estea invertida para o distrito de Salem (hai máis homes que mulleres, o cal contradí a tendencia natural) e que de cada 1000 nados falten 200 nenas. O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas pero o seu obxectivo último é contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisibile esta e as demais formas de violencia contra as mulleres.

Presentamos de seguido os resultados das actividades desenvolvidas durante os meses de xullo a setembro de 2013.


Actividades

- **Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias**


Cada mes as traballadoras do proxecto recollen a lista de mulleres embarazadas dos catro bloques do programa grazas ao apoio das garderías do goberno, as enfermeiras comunitarias e outros apoios dentro das comunidades. Durante este trimestre **1113** mulleres embarazadas recibiron apoio do programa en forma de seguimento personalizado. A continuación vemos unha gráfica para todo o que vai de ano:



A partir desta primeira interacción comezan as sesións de comunicación interpersonal nas que as traballadoras visitan ás mulleres e ás súas familias nas súas casas e tentan tratar diversos temas relativos ao xénero, alimentación, vacinación e saúde e hixiene. As mulleres poden aclarar dúbidas e adoitan carecer deste tipo de información dado que o feito de que o infanticidio estea condenado por lei fai que as familias eviten o acceso dos servizos sanitarios e gubernamentais ás mulleres. Estas sesións de interacción interpersonal axudan a evitar este fenómeno e neste trimestre **10.650 mulleres participaron nelas**. No seguinte diagrama vese a evolución ao longo de todo o ano e o número de interaccións sobre xénero (azul), nutrición (vermello), vacinación (amarelo) e saúde e hixiene (lila).



Un resultado importante destas interaccións é o acceso aos servizos sanitarios públicos por parte das mulleres, grazas á orientación do persoal. Durante este período **251 mulleres accederon a atención médica durante o embarazo**. A continuación vese un gráfico para todo o que vai de ano.




As sesións comezan dende que a muller pasa a formar parte do programa e continúa ata o parto. A partir de aí, se o bebé é unha meniña, faise seguimento ata dezaoto meses para evitar que a nena sexa asasinada ou abandonada e nese caso continúan as sesións coa mesma intensidade, sobre todo centrándose nos aspectos de xénero.

Ademais, grazas a estas sesións o persoal identifica os casos de risco, aqueles nos que as mulleres reciben fortes presións para “producir” un varón. Nestes casos as mulleres e as súas familias reciben asesoramento


especializado. As traballadoras de base, grazas ao seu nivel de confianza coas mulleres, van identificando os casos e derivándoos ás asesoras, que visitan ás mulleres e ás familias para apoialas e tentar cambiar as actitudes a través do diálogo. Estas visitas proporcionan seguridade ás mulleres á hora de enfrontarse ás presións familiares e tamén aseguran a protección da nena.

Durante este período 169 mulleres recibiron asesoramento especializado.


A seguir presentamos os datos para o que vai de ano:




Ademais destes novos casos, as asesoras atenden casos que aínda están en seguimento e a continuación vemos un resumo para o que vai e ano das sesión de seguimento realizadas.




Se as asesoras comprobán que se necesita unha interacción con toda a unidade familiar poñen en marcha os chamados “diálogos familiares” para debater conxuntamente con todos os membros da familia a situación. As asesoras motivan á familia para que críen a nena e respecten os dereitos tanto da nai como da filla. **Neste período organizáronse 67 diálogos familiares.** A seguir presentamos as cifras para todo o ano.



Outro aspecto importante que entronca estas actividades co empoderamento das mulleres e a igualdade de xénero ten que ver co apoio que dan estas visitas das traballadoras a aspectos como o control sobre o propio corpo e as decisións sobre a natalidade. Resulta moi habitual que coa esperanza de ter un varón as familias presionen ás mulleres para que queden embarazadas ata cinco e sete veces. O persoal traballa cos maridos e familias políticas para evitar esta situación e para animar ás mulleres a que tomen medidas de control da natalidade se así o desexaren. O feito de adoptar tales medidas indica que asimilaron a mensaxe de que non é necesario ter un varón para poder ser respectadas socialmente e que aceptan e coidan das fillas que xa teñen. Neste período 43 mulleres decidiron tomar medidas anticonceptivas permanentes grazas ao traballo do programa.



Finalmente, dentro deste grupo de actividades cómpre sinalar tamén o seguimento das nenas durante dezaioito meses para evitar asasinatos ou adopcións ilegais. **Neste período naceron 253 nenas**



Neste período non se deu ningunha das nenas en adopción.

-Centro de apoio ás mulleres

Neste período 6 mulleres achegáronse ao Centro de apoio ás mulleres para obter asistencia legal e/ou apoio psicolóxico. Os casos tratados poden clasificarse nos seguintes grupos temáticos:

- Disputas pola propiedade de terras
- Violencia de xénero dentro da familia e no entorno laboral.

Como parte do traballo do Centro este realiza tamén sesións de educación legal nas aldeas do proxecto. Neste período organizouse unha sesión desta índole en Tharamangalam na que participaron 14 mulleres. O avogado Divahar informou

ás mulleres sobre a Lei contra a Violencia Doméstica (así denominada polo estado da India) de 2005, programas do goberno para o apoio ás nenas, servizos legais gratuítos e a lei para a abolición dos matrimonios infantís.

Actividades para o cambio nas percepcións e comportamentos de xénero

Se ben as actividades anteriores son importantes, dende o enfoque do programa o fundamental é cambiar as percepcións de xénero que permiten que exista o infanticidio e outras formas de violencia de xénero relacionada. Para isto trabállase con diferentes estratexias que de seguido detallamos.

-Formación de grupos de axuda mutua

Os grupos de axuda mutua son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e para aferrar dos seus propios cartos. Este fondo vaise rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen dar, con que interese con que prazos de devolución. É unha forma endóxena de que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día. Igualmente, cumpre unha importante función en canto ao empoderamento das mulleres, dado que proporciona unha plataforma común dende a cal solucionar problemas tanto persoais como sociais das súas integrantes ou da comunidade en xeral. Os grupos son unha fonte de apoio mutuo para as mulleres e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.

Neste período non se crearon novos grupo pero seguiron funcionando os 98 existentes que aglutinan a 1168 mulleres. Todos os grupos distribúen crédito ás súas integrantes. Neste momento as mulleres contan con un aforro total de **40.300 €**.

Nesta altura do programa resulta fundamental federar os grupos para asegurar a sustentabilidade do programa e tamén a coherencia e impacto das súas acción. Está previsto crear unha agrupación en cada un dos bloques do programa e con este fin organizouse unha formación de 3 días durante o mes de agosto (27 a 29 de agosto) impartida pola Coordinadora do programa Sheela Vincent. O contido da formación foi o seguinte:

- Obxectivo da formación
- Revisión do traballo dos grupos (obxectivos, actividades, cambios provocados polos grupos nas integrantes e na sociedade, diferenzas entre os grupos formados por PDI e outros existentes).
- Que é unha federación?
- Por que unha federación?
- Actividades y beneficios da federación
- Estrutura da federación
- Órganos e responsabilidades (assemblea xeral, comité executivo, subcomités)

Ademais, neste período realizáronse sesións cos grupos para tratar temas de xénero. As traballadoras de base organizan sesións con grupos do programa e con outros creados polo goberno ou por outras ONGs dentro doutras intervencións normalmente puramente económicas. As sesións tratan de

temas como os dereitos das mulleres e tentan que as mulleres busquen vías para exercelos. **Neste período participaron 292 mulleres de 24 grupos de aforro** (tanto formados polo proxecto como doutras entidades). Igualmente neste período organizáronse sesións de sensibilización sobre xénero para homes nas que participaron **233 homes** e nas que se debateron os papeis de xénero destes con especial énfase na distribución dos labores domésticos.

-Capacidades para a vida para adolescentes

Co obxectivo de sensibilizar á mocidade con respecto a cuestións relativas á igualdade de xénero e mellorar as súas capacidades xerais organizouse un curso de capacidades para a vida para adolescentes en diferentes aldeas. As traballadoras organizaron os cursos durante dúas tardes consecutivas e tratáronse os seguintes temas, ademais do tema xeral da igualdade de xénero:

- Empatía
- Resolución de problemas
- Relacións interpersoais
- Pensamento crítico
- Comunicación
- Pensamento creativo
- Xestión do estrés
- Coñecemento dunha/dun mesma/os
- Toma de decisións
- Xestión das emocións

Neste período participaron 131 mozas e 111 mozos.


-Formación de clubs de xénero

Ao ver os resultados dos cursos de capacidades para a vida, o persoal do proxecto falou coa mocidade para crear clubs de xénero co obxectivo de provocar cambios neste sentido nas e nos participantes e no resto da súa comunidade. A mocidade amosouse moi disposta a poñer en marcha a actividade. O programa fai fincapé tamén no papel fundamental da mocidade na erradicación do infanticidio. Os resultados foron xa positivos neste período porque as e os integrantes dos clubs comezaron a informar ao persoal sobre familias en risco de cometer infanticidio.

Neste período participaron 129 mozas e 140 mozos nos clubs de xénero. O seu traballo consistiu en preparar a planificación do seu traballo.

-Campañas de teatro de rúa

O teatro de rúa é unha ferramenta que o proxecto leva utilizando dende o inicio para provocar debate e transformar os papeis de xénero existentes. O programa conta cun equipo voluntario de 10 mulleres, incluídas as traballadoras do proxecto, que realizan actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero, dende a alfabetización aos matrimonios de adolescentes. **Neste período organizáronse obras en 23 aldeas e a asistencia foi de 5350 persoas.** A continuación presentamos unha gráfica co número de persoas e obras representadas no que vai de ano.



Outras actividades

-Visita de María Reimóndez, responsable da área de cooperación e vicepresidenta de Implicadas

Durante o mes de xullo o programa recibiu a visita de María Reimóndez, que se centrou na sustentabilidade e no cambio de percepcións provocado polo programa. O equipo do programa realizou debates focalizados cos grupos de axuda mutua e o día 23 mantívose unha xuntanza con todo o persoal para avaliar os resultados do traballo. A avaliación do cambio de percepcións obtivo moi bos resultados (véxase o informe da visita de María Reimóndez) e tamén algúns puntos que precisan ser revisados, entre eles:

- Os últimos ritos: aínda que se viron moitos cambios en canto ás percepcións de xénero e defensa dos propios dereitos, aínda moitas mulleres argumentaban que a comunidade rexeitaba as nenas porque a tradición manda que sexan os homes os que fagan os ritos funerarios. A recomendación foi identificar a mulleres que realizasen estes ritos para que compartisen a súa experiencia e valesen de exemplo. Tamén se recomendou

identificar representantes das distintas relixións con visións de igualdade de xénero para que difundan a mensaxe da igualdade nestes ritos entre as comunidades.

- A violencia segue sendo prevalente en diferentes formas polo tanto cómpre seguir tratando este aspecto dende todos os puntos de vista.

Sustentabilidade:

- Cómpre que os grupos analicen máis o impacto do seu traballo e do programa en xeral.
- É importante que se formen agrupacións para poder transferir de forma sustentable todas as actividades, para isto cómpre desenvolver unha estrutura e fomentar aínda maior independencia dos grupos e maior vínculo cos servizos gobernamentais.

Decidiuse traballar nunha nova obra de teatro que trate o tema da violencia física e sexual como foco central.

Orzamento

A seguinte táboa amosa o desempeño económico para este período, no que non houbo variacións sobre o previsto. Os fondos para este programa obtéñense de forma exclusiva mediante as cotas das persoas asociadas e as múltiples actividades que organiza o voluntariado de Implicadas.

People's Development Initiatives / Implicadas no Desenvolvemento
Salem

Programa de erradicación do Infanticidio Feminino

Balance de ingresos e gastos de xullo a setembro de 2013

INGRESOS		Euros		GASTOS		Euros	
Balance de apertura 1/7/13				Salarios	157500,00	2715,517	
En man	3485,00	60,09		Campaña de educación legal	7650,00	131,8966	
No banco	833,50	14,37		Formación para a federación			
Transferencias Implicadas		0,00		Honorario formadora	6000,00	103,4483	
Xullo	88500,00	1525,86		Comida durante a formación	3013,00	51,94828	
agosto	74625,00	1286,64		Desprazamento formadora	1000,00	17,24138	
Setembro	81500,00	1405,17		Material de oficina	2243,00	38,67241	
		0,00		Xuntanza seguimento do persoal	2387,00	41,15517	
				Coordinación e desprazamentos	23336,00	402,3448	
				Desprazamentos persoal de base	13200,00	227,5862	
				Auditoría	0,00	0	
				Comunicación	1055,00	18,18966	
				Augueiro e electricidade	12000,00	206,8966	
				Reparación ordenador	950,00	16,37931	
				Avaliación do programa (visita Implicadas)	17651,00	304,3276	
				Comisións bancarias	125,00	2,155172	
				Balance de peche 30/9/13		0	
				En man	0,00	0	
				No banco	833,50	14,37069	
TOTAL	248943,50	4292,13		TOTAL	248943,50	4292,129	

Conclusións

Durante este trimestre puideron confirmarse os avances do programa, tamén grazas á visita de avaliación realizada por María Reimóndez no mes de xullo, que contribuíu a orientar mellor os esforzos, de maneira que o traballo se faga pouco a pouco sustentable. Todos os indicadores que marcan o avance do programa (erradicación do infanticidio, número de nenas nadas, baixada nas adopcións, asunción de medidas de planificación familiar permanentes e sobre todo o cambio de percepcións de xénero) deron resultados moi positivos tamén este trimestre. O equipo de PDI e de Implicadas seguimos traballando co obxectivo de poder pechar con éxito este programa nos vindeiros anos.

Voces do programa

Shanthi ten 29 anos e vive na aldea de Thekkampatti, no bloque de Omalur Block, co seu home Parameswaran, de 35 anos e as súas dúas fillas de 6 e 2 anos. O persoal do



programa comezou a interactuar con ela cando estaba no 5º mes de embarazo. Shanti comentoulle á traballadora de base que a súa familia agardaba que dese a luz un neno e que a súa sogra en particular insistía en que tiña que ser así. Tamén lle comentou ao persoal que na súa última visita ao centro de saúde lle comunicaran que padecía un caso extremo de anemia. A traballadora de base deulle orientación sobre

nutrición e tamén lle recomendou tomar ferro. Na seguinte visita a asesora do proxecto reuniuse con Shanti e coa súa sogra nun diálogo familiar para tratar as actitudes existentes. A partir de aí a asesora comezou a facer un seguimento dela e tamén comezou a visitar de forma regular a súa sogra para sensibilizar as dúas sobre a igualdade de xénero. Cando Shanti pariu unha nena o persoal animouna a que se sometese a unha ligadura de trompas e a sogra amosouse contenta con esta decisión, aínda que a operación aínda non se puido realizar pola anemia. Neste momento atópanse en seguimento.



Chitra ten 23 anos e vive en Alachampalayam Katuvalavu, no bloque de Edapadi. Ten unha filla e un fillo de 3 e 5 anos. O persoal contactou con ela durante o seu terceiro embarazo, en presenza tamén da súa sogra. Ambas dixerón que preferían un neno porque lle faría compañía ao outro irmán. A sogra tamén comentou que ela só tiña un fillo, o home de Chitra, e que se necesitaban máis homes na casa. As

traballadoras comezaron a darlles orientación sobre xénero para cambiar as súas actitudes ata o punto de que, tras dar a luz a unha nena, Chitra adoptou medidas permanentes de planificación familiar. Neste momento continúan en seguimento.

Maithili ten 22 anos e vive en K.R.Thoppur no bloque de Tharamangalam. Ten dúas fillas de 6 e 3 anos. Estaba en seguimento por parte da traballadora de base e foi derivada a



asesoramento porque se amosaba moi insistente á hora de ter un fillo, actitude compartida polo home. Tanto ela coma el tiñan o convencemento de que só un varón pode ser herdeiro das propiedades e tamén crían definitivamente que Maithili ía ter un fillo porque así o predicira o astrólogo. O seguimento foi intensivo e durante moitas sesións a asesora tentou sensibilizar a parella sobre cuestións relativas á

igualdade de xénero. Maithili finalmente deu a luz unha nena e sentiuse moi triste porque nin o seu sogro nin a súa sogra se dignaron en virlle ver a filla. As traballadoras organizaron unha sesión de diálogo familiar na que a familia insistía en que tiña que pasar por outro embarazo porque querían un varón a toda costa. Durante o diálogo familiar a asesora foi capaz de argumentar e desmontar estas actitudes. O home axiña entendeu os argumentos empregados en canto á autoridade de Maithili sobre o seu corpo e tamén as cuestións relativas á súa saúde. Tras esta intervención Maithili adoptou medidas permanentes de planificación familiar e agora están en seguimento.



Tamilselvi ten 29 anos e vive en Omallur. Xa teñen tres fillas de 7, 5 e 3 anos. A traballadora identificouna cando estaba no 8º mes dun novo embarazo e Tamilselvi expresou o seu desexo de ter un varón, mentres que o seu home indicou que non lle importaba e mesmo intentou convencer a Tamilselvi de que tres fillas

xa eran suficientes, argumentando que a familia era pobre e que Tamilselvi padecía de anemia. A traballadora comezou a interactuar con ela para falarlle da importancia da nutrición e tamén comezou a tratar outros aspectos relativos ao xénero. A asesora tamén se ocupou de orientar a esta familia. Tamilselvi tivo unha filla e aínda que ao principio se entristeceu, pola interacción e asesoramento que recibira durante o embarazo conseguiu cambiar de idea, ata o punto de que quedou tres días máis no hospital para poder someterse a unha ligadura de trompas. Agora está en seguimento.